



## Comezo do curso

Estimados pais,

Benvidos a *Quick Minds*!

*Quick Minds* é un curso de inglés de seis niveis para os seis anos de Primaria. Da continuidade ao inglés aprendido en Educación Infantil e desenvólvese seguindo o currículo do ensino da lingua inglesa nos colexios españois de Primaria.

Este ano o voso fillo aprenderá inglés con *Quick Minds 6*. *Quick Minds 6* comeza durante un xantar no que os alumnos volven atoparse con Phoebe, Alex e Patrick, *The Time Travellers* ('Os Viaxeiros do Tempo'). Con eles vivirán unha emocionante aventura mentres os protagonistas viaxan a distintos lugares a través do espazo e o tempo.

Ao mesmo tempo que gozan coas **historias** *The Time Travellers*, os nenos aprenderán distintas **destrezas**, **gramática** e **vocabulario** útiles, así como unha chea de divertidas **cancións**.

Invitámosvos a participar da experiencia do voso fillo na aprendizaxe do inglés na casa. Podedes facelo coas actividades interactivas online de *Quick Minds*, ás que accederedes en [www.quickmindsapps.es](http://www.quickmindsapps.es). Trátase de divertidos **xogos interactivos de vocabulario e gramática**, aos que podedes xogar en familia. As **cancións** tamén están dispoñibles online. Podedes cantar as cancións e xogar aos xogos en calquera momento que queirades.

Esperamos que gocedes do inglés con *Quick Minds* tanto como o fará o voso fillo!



## Unidade Welcome Back to school

Estimados pais,

Nesta unidade de benvida ao curso (*Welcome Unit*), *Back to school*, o voso fillo aprenderá os **números ordinais**, practicará o **presente simple** e o **presente continuo** e repasará *going to*. Pode practicar o apreso cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Pedídlle que vos cante a canción *Time Travellers*. Podedes escoitar online a **canción** e cantar a versión **karaoke** xuntos.

Na **historia** desta unidade, *Back in time again*, o voso fillo lerá como comezan a súa primeira aventura os *Time Travellers*, cando un estoupido na súa clase de Ciencias abre un túnel do tempo. Preguntade ao voso fillo polos personaxes: Phoebe, Patrick e Alex. Que pasou na clase de Ciencias?

Esperamos que o pasedes ben!



## Unidade **1** Jet packs for hire

Estimados pais,

Na Unidade 1, *Jet packs for hire*, o voso fillo aprenderá e practicará vocabulario relacionado co **campo**, e aprenderá o uso dos **conectores** e de *could* e *couldn't*. Pode repasar o que aprendeu cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Pedídlle que vos cante a **canción** do campo, ou cantade xuntos a versión **karaoke**.

Nesta unidade, o voso fillo lerá a **historia**, *A problem for Patrick*, na que Alex, Phoebe e Patrick aprenden a voar os seus *jet packs*. Preguntádlle por que estaba preocupada Phoebe.

Finalmente, para a lección de **Act out**, o voso fillo aprenderá frases útiles e mellorará a súa fluidez representando unha conversa cun compañeiro. Preguntádlle ao voso fillo que recorda da conversa. Canto custa alugar un *jet pack*?

Esperamos que o pasedes ben!



## Unidade **2** The Jurassic Age

Estimados pais,

Na Unidade 2, *The Jurassic Age* o voso fillo aprenderá vocabulario sobre o **Xurásico** e repasará os comparativos e superlativos. Tamén aprenderá o uso de **how much** e **how many**. Non esquezades animar ao voso fillo a empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online.

Pedídlle ao voso fillo que cante a **canción** desta unidade que fala dun dinosauro e cantádea xuntos coa versión **karaoke**.

Na **historia** de *The Time Travellers* desta unidade, Phoebe, Alex e Patrick atópanse con dinosauros. Preguntádlle ao voso fillo onde estaban os tres amigos. Que viron primeiro? Por que corrían?

Para rematar, o voso fillo aprenderá cousas sobre os **fósiles**. Pedídlle que vos diga o que é un fósil e que vos ensine o que fixo.

Esperamos que o pasedes ben!



## Unidade **3** This is Houston

Estimados pais,

Na Unidade 3, *This is Houston*, o voso fillo aprenderá vocabulario do **espazo** e practicará o uso dos **adverbios** e de **can / may para pedir permiso**. Utilizade os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar as leccións desta unidade.

Preguntádelle ao voso fillo o que quere ser de maior. Animádeo a cantar a **canción** da unidade, ou cantade xuntos a versión **karaoke** para pasalo ben!

Preguntádelle ao voso fillo onde van Patrick, Phoebe e Alex na aventura desta unidade. Por que se durmiu todo o mundo? A quen dicía Phoebe que tiñan que axudar? Como soubo Alex o que tiña que facer?

Finalmente, para a lección de **Act out**, o voso fillo mellorará a súa fluidez representando unha conversa na que entrevista a un extraterrestre. Podedes facer o papel do extraterrestre e representar xuntos a vosa propia conversa na casa.

Esperamos que gocedes desta unidade!



## Unidade **4** Museum of the future

Estimados pais,

Na Unidade 4, *Museum of the future*, vo voso fillo aprenderá vocabulario relacionado coas **profesións**, e o uso de *must*, *mustn't* e *had to*. Visitade a web online para practicar cos **xogos interactivos de vocabulario e gramática**.

Escoitade a **canción** desta unidade sobre o que teñen que facer as persoas nos seus traballos. Cantade xuntos coa versión **karaoke** e bailade esta divertida melodía!

Na **historia** desta unidade, *The trouble with Orangehead XR-97*, Alex, Patrick e Phoebe están no museo. Preguntádelle ao voso fillo que recorda da **historia**. Que sinal había na porta? Que lle pasou ao robot?

Finalmente, o voso fillo aprenderá sobre o **Impresionismo** e os seus artistas máis importantes. Pedídelle que vos ensine o cadro impresionista que fixo e dicídelle que volo describa.

Esperamos que o pasedes moi ben con esta unidade!



## Unidade **5** Space restaurant

Estimados pais,

Na Unidade 5, *Space restaurant*, o voso fillo aprenderá vocabulario relacionado cos restaurantes, tamén practicará o uso de **will** e **won't** en **ofrecementos e promesas**. Non esquezades empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar as leccións.

Animade ao voso fillo a cantar a **canción** desta unidade. Tamén podedes empregar a versión **karaoke** online!

Preguntádelle ao voso fillo que esta a pasar na **historia** desta unidade, *The birthday meal*. Que había de entrante? Con que o comeron? Que había de sobremesa?

Finalmente, para a lección de **Act out**, o voso fillo mellorará a súa fluidez representando unha conversa entre un camareiro e un cliente. Podedes facer calquera dos dous papeis e representar na casa a vosa propia conversa. Esperamos que o pasedes ben!





## Unidade **6** Olympic sports

Estimados pais,

Na Unidade 6, *Olympic sports*, o voso fillo aprenderá vocabulario de **deportes**, practicará o **present perfect con ever / never** e o uso dos **posesivos**. Pode empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para repasar as leccións desta unidade.

Nesta unidade o voso fillo aprenderá unha **canción** sobre deportes olímpicos. Pedídlle que vola cante. Non esquezades empregar a versión **karaoke** online!

A **historia** de esta semana chámase *Not the best day*. Preguntádlle ao voso fillo onde van Alex, Phoebe e Patrick e que lles acontece. Que lle pasa a Phoebe?

Finalmente, o voso fillo aprenderá sobre os **músculos**. Aprenderá distintos músculos do corpo humano e fará unha táboa de exercicios físicos diarios. Pedídlle que vos mostre como é a súa táboa de exercicios diarios.

Esperamos que gocedes desta unidade!





## Unidade 7 Disaster!

Estimados pais,

Na Unidade 7, *Disaster!*, o voso fillo aprenderá sobre **ciudades antigas**, e o emprego do ***past continuous***. Tamén practicará o uso dos **pronomes obxecto**. Pode empregar os **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online para practicar en casa.

Escoitade e cantade a **canción** desta unidade sobre unha **erupción volcánica**. Non esquezades escoitar a versión **karaoke** online!

Na **historia** de esta semana, *A narrow escape*, Patrick, Alex e Phoebe atópanse Pompeya. Preguntádelle ao voso fillo que recorda da historia. Cara a onde corre Phoebe? Que intentan dicir os nenos á xente de Pompeya?

Finalmente, para a lección de **Act out**, o voso fillo mellorará a súa fluidez representando unha conversa telefónica entre alguén que ten unha urxencia e un traballador dos servizos de urxencias. Preguntádelle que recorda da conversa.

Esperamos que vos divirtades!



## Unidade **8** In the rainforest

Estimados pais,

Na Unidade 8, *In the rainforest*, o voso fillo aprenderá vocabulario de **actividades de cámping** e practicará frases con **who, which e where**. Tamén repasará o apreso ao longo do curso. Non esquezades xogar xuntos aos **xogos interactivos de vocabulario e gramática** online!

Preguntádelle ao voso fillo que lle pasa ao pai na **canción** desta unidade. Cantade xuntos a canción para practicar o vocabulario e a gramática.

Nesta derradeira unidade, os *Time Travellers* están na selva. Preguntádelle ao voso fillo que fan alí Alex, Phoebe e Patrick. Por que buscan unha aldea? Que agasallo lle dá Alex ao home? Preguntádelle ao voso fillo se recorda todos os lugares que visitaron *The Time Travellers* ao longo do curso.

Finalmente, o voso fillo aprenderá sobre as **selvas**. Falade con el sobre por que as selvas están en perigo. Pedídelle que vos ensine o seu traballo sobre as selvas.

Esperamos que o pasedes ben!





## Fin de curso

Estimados pais,

Esperamos que este ano gozásedes do inglés con *Quick Minds 6* na casa xunto ao voso fillo, e que vos divertísedes xogando aos **xogos interactivos** online, falando das **historias** e escoitando e cantando as **cancións**.

Recordade que sempre podedes volver xogar aos xogos interactivos online que máis vos gustaron, ler as vosas historias favoritas e cantar outra vez as vosas cancións preferidas.

Para rematar, a *The Time Travellers*: Phoebe, Alex e Patrick, gustaríalles despedirse de vós e desexarvos: Felices vacacións este verano!

